

Letras Galegas


2.007

**María Mariño Carou**




1.907-1967

María Mariño Carou naceu en Noia en 1.907. Era a segunda filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou xunto con outros catro irmáns.



Vila de Noia

Traballou dende moi noviña como costureira para axudar na casa.



Retrato dunha costureira

Viviu algún tempo cunha tía que traballaba como cociñeira no Pazo de Goiáns, en Boiro. Na biblioteca do pazo pasou moitas horas lendo. Alí se afeccionou pola literatura.



Pazo de Goiáns

Casou María co mestre Roberto Posse Carballido e os dous se trasladaron ó País Basco. Eran os anos de despois da Guerra Civil.



Roberto Posse Carballido



Guerra Civil (1.936-1.939)

Tiveron un fillo que naceu morto; ó mesmo tempo tamén morre a súa nai. A pobre de María caeu nunha fonda depresión.

Volven a Galicia e instálanse definitivamente no Courel ata a fin dos seus días.




Casa de María Mariño




Paisaxe da Serra do Courel

No Courel coñece ó poeta dos "tesos cumes" Uxío Novoneyra quen a anima a escribir para que supere a forte tristura coa que vivía. Tamén entra en contacto con outros poetas e escritores como Manuel María, García Sabell, Ramón Piñeiro, Vitoria Armesto, Sixto Seco, Augusto Assía,...

Uxío Novoneyra  
 María Mariño  
 Saleta Goi  
 Manuel María  
 Roberto Posse Carballido




Vitoria Armesto



A. Sixto Seco



Augusto Assía



D. García Sabell



Ramón Piñeiro

Morre María en Maio do ano 1.967 en Parada do Courel.



Parada do Courel

Os seus restos repousan no cemiterio de Seoane do Courel.




Enterro e supultura


Tan só víu publicado un libro no ano 1.963: **Palabra no tempo** pola Editorial Celta de Lugo, na súa colección Tesos Cumes, con prólogo de Don Ramón Otero Pedrayo.




Don Ramón Otero Pedrayo



No ano 1.990 aparece **Verba que comeza**, publicado polo concello de Noia e promovido por Antón Avilés de Taramancos e Uxío Novoneyra. Neste libro aparecen os poemas escritos no seu último ano de vida, enferma da leucemia que a levou para sempre.



Antón Avilés de Taramancos



Según Novoneyra tiña escritas dúas obras en castelán, que non se coñecen:

- Los años pobres. Memoria de guerra y postguerra.
- Más allá del tiempo.

A poesía de María Mariño está marcada polos tristes acontecementos que rodearon a súa vida, polo feito de ser muller nun mundo de homes, por pertencer a unha clase humilde. Por todo iso, a súa é unha poesía que non obedece as normas, que "racha" coa lingua. Asimesmo posúe influencias de Rosalía e ademais está inspirada na tradición popular, na saudade, na natureza e na paisaxe.



Rosalía de Castro